

Manifesto 25n

Este 25 de novembro dende Avogados Novos queremos reivindicar a necesidade dun compromiso claro de loita contra as distintas formas de violencia machista que se manifestan na sociedade.

Os feminicidios constitúen o resultado mais duro da violencia machista e, ante esta realidade, non podemos mostrarnos indiferentes xa que o patriarcado constrúese e ten a súa base nas relacións estruturais de desigualdade, arraigándose na cotidianeidade das nosas vidas: no público, nas escolas, nos nosos centros de traballo, na nosa forma de ocio, no ámbito privado, nas relacións afectivas...

Entendemos que o ámbito conceptual da violencia machista debe ser ampliado ao que ofrece a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro incluíndo un concepto mais amplo do que ofrece o artigo 1 da mesma. Neste senso a situación é crítica, xa que tras a ratificación no 2014 do convenio de Estambul suspendemos na aplicación do mesmo, tal como se ven a recoller no “Informe Sombra” sobre la aplicación en España 2014-2018 do Convenio, ante o GREVIO, destacando, entre outras, a necesidade de mais financiación para a aplicación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero co obxectivo de desenrolar adecuadamente os aspectos preventivos, sociais e xudiciais fronte a todas as formas de violencia, destacando a actual incapacidade de dar unha resposta interseccional acorde as distintas realidades das mulleres (https://plataformaestambulsombra.files.wordpress.com/2018/11/dossier_de_prensa.pdf).

No referido a nosa realidade como profesionais da avogacía, atopámonos ante unha falta absoluta de coordinación entre as FCSE e os Xulgados de violencia. É una crúa realidade da que somos testemuñas, sobre todo dende que a UFAM comezou a facerse cargo das denuncias sobre violencia machista: O seu deficiente funcionamento e o desinterese xeneralizado das FCSE unidos ás deficiencias nas infraestruturas humanas e institucionais, supón que en lugar de servir de protección as vítimas as deixe en graves situacións de desamparo. Os exemplos son moitos: citacións simultáneas que se solapan cas posteriores, a precariedade das instalacións destes xulgados, con salas de acusados e vítimas contiguas sen separación axeitada e moias veces sen vixilancia algunha, falta de espazos onde as partes poidan entrevistarse reservadamente có seu avogado ou avogada, lentitude e imposibilidade de programación da xornada, dado que ademais dos procedementos penais e civís que están en trámite é un xulgado de garda permanente... Situacións coma estas constitúen un hándicap no noso

traballo diario que impiden prestar unha defensa adecuada e é por iso que esiximos un compromiso real da Administración de Xustiza para melloralas, e en concreto, neste particular, faise absolutamente necesaria a creación dun segundo Xulgado de Violencia sobre a Muller na nosa cidade.

Por outra banda, non podemos esquecer a nosa realidade como avogadas. As situacións de discriminación son latentes e abranguen as relacionadas coa brecha salarial na nosa profesión, as problemáticas de conciliación, as dificultades de achegamento a postos de dirección, situacións de acoso, a falta de plans de igualdade e protocolos de violencias machistas tanto nos despachos como nos Colexios, o trato discriminatorio nas relacións cos clientes e cos xulgados en relación cos nosos compañeiros ou ser xulgadas pola nosa forma de vestir. Incidindo todas estas cuestións no ámbito público e precisando un compromiso real do conxunto da avogacía co fin de rachar con estas formas de discriminación.

Cremos que a erradicación da violencia machista precisa unha loita mais ampla que esta data de reivindicación, e que é preciso presentar batalla no noso día a día contra as distintas formas de violencia, non sendo indiferentes a mesma e tendo unha maior sensibilidade, aprendendo tamén a identificar as expresións de violencia machista menos evidentes (os chamados "micromachismos". Apostamos pois por unha formación especializada e continua dende o ámbito educacional, no acceso á profesión (grao, no master), nos Colexios e unha maior especialización na Administración de Xustiza e FCSE. Sen máis, animámosvos a participar na mobilización que terá lugar este domingo 25 de novembro en Vigo ás 12: 00 con saída dende Urzáiz, cruce Vía Norte".